

E ELAS ONDE ESTÁN?

As Primeiras Vangardas a través das mulleres artistas

A **Historia da Arte** que tradicionalmente se ensinou e se divulgou foi un **relato artellado dende unha mirada masculina e occidental** que deixou fóra a moitas das **creadoras femininas**, relegando o papel das mulleres a **musas ou modelos**. Se ben xa existen exemplos de artistas anteriores, coa chegada do século XX e as primeiras vangardas, as mulleres comezaron a adicarse cada vez máis ao mundo da arte, aínda que non sempre acadaron o recoñecemento que merecían en vida nin puideron vivir dela profesionalmente. Este documento propón un breve repaso por estes movementos visibilizando as creacións de mulleres que formaron parte deles pero que poucas veces se inclúen nos manuais.

AS VANGARDAS

A chegada do s.XX caracterizouse por profundas transformacións sociais e políticas, polo que os/as artistas do momento sentiron que a arte tradicional xa non servía para explicar a complexidade do momento. Isto levou á creación das primeiras vangardas artísticas, **movementos revolucionarios** desenvolto **entre o 1905 e o 1930** que **racharon coas normas do academicismo, a perspectiva clásica, o realismo e a beleza ideal**. As vangardas **non buscaron representar a realidade** tal e como era, senón **reinterpretala** dende a emoción, a intuición, a protesta ou a liberdade de creación. Aínda que cada vangarda ten a súa propia linguaxe visual todas comparten algunhas ideas fundamentais:

- Enfrontamento ás formas e modelos do pasado: cuestionaron o tradicional e o académico.
- Búsqueda de provocación e confrontación.
- Experimentación de materiais e técnicas.
- Contribución á teoría estética e á redefinición da “beleza”.
- Liberación da composición e interpretación.
- Interese pola subxectividade e a sinceridade: producións persoais.
- Compromiso ideolóxico, a conciencia social e o traballo en grupo.
- Unión das artes nun fronte común: agrupación nos *-ismos*.
- Curta duración pero gran forza innovadora.

O estoupido destes novos movementos que rachaban coas normas tradicionais, xunto cos cambios políticos e sociais (voto feminino, traballo remunerado...) que empoderaron ás mulleres na búsqueda da súa independencia, así como a posibilidade de acceder á educación artística que se lles fora negada durante o s.XIX, fixeron que nesta época comezasen a aparecer **mulleres artistas fundamentais na Historia da Arte**; a continuación achegarémonos a algunhas delas.

FAUVISMO (Francia, 1905-1907)

- O seu nome ven da palabra **fauves (feras)**, pronunciada polo xornalista e crítico francés **Louis Vauxcelles** ao contemplar as obras destes artistas no **Salón de Outono de 1905** en París.
- Foi un movemento que serviu de **ponte** entre o Impresionismo, o Postimpresionismo e as vangardas que o sucederán.
- **Transgrediu a pintura naturalista** a través da **exaltación vitalista da cor**.
- A cor era aplicada (por norma xeral) a través de **amplas manchas planas, intensas e brillantes** e dun xeito **arbitrario**, mostrando unha notable influencia de **Gauguin**.
- Mostraba unha **visión subxectiva** da realidade: non quería representar a realidade tal e como era, senón **expresar emocións** a través da cor e da forma.
- A liña recuperou o trazo para un **debuxo sinxelo**, rápido e secundario.
- Segue buscando a **simplicidade** cara o esencial influenciado pola **arte primitiva**.

Alguns autores e autoras destacadas son: Henri Matisse, André Derain, Maurice de Vlaminck, Émilie Charmy, Marie Laurencin, Alice Bailly...

Émile Charmy (1878–1974)

De orixe burguesa, Émilie Espérance Barret foi educada para ser mestra, unha profesión que se consideraba especialmente axeitada para as mulleres da súa clase; pola contra rexeitou ese futuro que non era vocacional para estudar pintura. Aínda que no seu contexto as mulleres artistas atopábanse con grandes dificultades para ser tidas en conta pola crítica, foi acadando recoñecemento e comezando a vender os seus cadros entre marchantes femininas como Berthe Weill, algo que lle permitiu independencia económica.




A diferenza das súas compañeiras previas do impresionismo, Charmy non traballou o tema da maternidade nin se limitou a escenas tradicionalmente asociadas á produción feminina (interiores, paisaxes...), chegando a retratar mulleres espidas en burdeles, algo que espertou a polémica. O seu estilo foi evolucionando ata chegar ao fauvismo e considerouse técnica innovadora ao deixar sen pintura partes dalgúns lenzos.



Muller en bata xaponesa (1907)



O vestiario (1902)



Espido suxeitándose o peito (1920)

EXPRESIONISMO (Alemaña, 1905)

- A diferenza doutras vangardas o expresionismo **vaise mantendo** ao longo do período das vangardas aínda que evolucionando no seu estilo.
- Isto implica que se desenvolva previamente, durante e posteriormente á **I Guerra Mundial**: contexto de malestar, medo, frustración, angustia, miseria, ansiedade...
- Ten un marcado **carácter revolucionario**: rexeita as normas burguesas, cuestiona a acelerada modernización, as clases altas...
- **Manifestación subxectiva**: a arte expresa emocións, e neste caso a **desesperanza** provocada polo contexto bélico.
- As **cores son violentas e intensas**, cun **uso simbólico e emocional**; igual que o fauvismo pero cunha intención máis **dramática** e ata perturbadora.
- As **formas e figuras distorsiónanse**: alárganse ou retórcense para potenciar a expresión.
- Manifestáase tamén a través do **cine**: *O gabinete do doutor Caligari* (1920), *Nosferatu* (1922), *Metrópolis* (1927...)

- **A Ponte (Die Brücke)** (1905, Dresde): estilo máis agresivo, con especial interese na figura humana e a cidade moderna, moi crítico, cunha pincelada rápida, cores estridentes e formas distorsionadas. Principais autores/as: Ernst Ludwig Kirchner, Emil Nolde Erich Heckel, Clara Tice...
- **O Xinete Azul (Der Blaue Reiter)** (1911, Múnic): máis espiritual e simbólico que "A Ponte", ata o punto de derivar na abstracción; interesouse pola música e a cor como linguaxe emocional, aínda que mantén a intención expresiva. Principais autores/as: Wassily Kandinsky, Franz Marc, Gabriele Münter, Marianne von Werefkin.

Gabriele Münter (1877-1962)

Foi unha das fundadoras do Xinete Azul, e aínda que goza de recoñecemento en Alemaña aínda é bastante descoñecida no resto de Europa. Destacou como fotógrafa e pintora, creando obra durante as súas viaxes por Europa e o norte de África xunto a súa parella Kandinsky para logo destacar en Alemaña coas súas pinturas expresionistas. Durante a I Guerra Mundial tívose que exiliar a Escandinavia e a súa volta adaptouse aos novos camiños de expresión que atopou, demostrando a súa gran capacidade para experimentar sen prexuízos cara o novo e diferente. No 2024 realizouse a súa primeira exposición retrospectiva en España, no Thyssen en Madrid.





Rúa de pobo en inverno (1911)



Natureza morta con San Jorge (1911)



Retrato de Marianne von Werefkin (1909)



*Natureza morta no tranvía (despois da compra)
(1909-1912)*

ABSTRACCIÓN (Alemania e Rusia, 1910)



- É unha das vangardas máis radicais: **racha** totalmente coa **representación figurativa tradicional**.
- Non se representa o visible (paisaxes ou persoas) senón o **invisible**: emocións, conceptos, espiritualidade, formas puras...
- Xorde dunha necesidade expresiva libre: a **subxectividade** xa non só está na cor ou na forma senón na totalidade da obra.
- Ten unha **inspiración espiritual, filosófica ou musical**.
- Desenvólvese de diferentes formas e en diferentes lugares:
 - **Abstracción lírica ou expresionista**: máis emocional, expresiva, espontánea. Destaca Wassily Kandinsky e a publicación "*De lo espiritual en el arte*" (1910) onde se establecen comparacións entre a pintura e a música; Paul Klee, Hilma af Klint...
 - **Abstracción xeométrica (Neoplasticismo, 1917)**: máis racional, ordenada, impersonal, con formas puras e cores primarias, con influencia da Teosofía de Steiner. Destacan Piet Mondrian e Theo van Doesburg.
 - Outras correntes abstractas: **Orfismo** en Francia con Robert e Sonia Delaunay ou o **Suprematismo** ruso con Malévich, El Lissitzky e un amplo número de mulleres artistas (Lyubov Popova, Alexandra Exter ou Olga Rozanova entre outras).

Hilma af Klint (1862-1944)

Nacida en Suecia, esta muller foi a pioneira da abstracción, antes que Kandinsky. Estudou na Real Academia Sueca das Artes de Estocolmo, un dos poucos centros que admitían mulleres de toda Europa; alí aprendeu a pintar académicamente pero non conectou con este tipo de pintura, ela procuraba algo máis espiritual. Foi experimentando coa pintura mentras se interesaba polo máis alá, chegando a acudir a sesións de espiritismo (moi de moda na época) durante as que pintaba en trance, como se fose automatismo surrealista (podendo ser ela o antecedente). Para gañarse a vida seguiu pintando cadros máis normativos mentres mantiña estes experimentos en segredo por medo a ser acusada de bruxa.



Estas obras segredas son cadros abstractos realizados antes de que existise a vangarda con este nome. A artista abandonou a pintura en 1925 adicándose á teosofía, o que a levou a coñecer a Rudolf Steiner quen lle dixo que ocultara a súa obra xa que nunca sería entendida. Ela obedeceu e non foi ata 1986 que o mundo puido disfrutar dos seus cadros, aínda que o descubrimento non tivo moita difusión, quizáis porque non interesaba cambiar a Historia da Arte escrita ata o momento.



As pinturas para o Templo, "Os dez máis grandes" (1907)

CUBISMO (Francia, 1910-1914)

- Ao igual que o Fauvismo, recibe o **nome** polas consideracións do crítico **Louis Vauxcelles** ao contemplar obras cubistas na **Exposición de George Braque en París no 1908**, e quedar sorprendido pola presenza da xeometría, concretamente dos **cubos**.
- Somete a realidade a un **proceso de descomposición e construción** que responde aos elementos esenciais a través da **xeometría**.
- **Desaparece a perspectiva** renacentista: **non hai profundidade espacial**.
- Representa simultaneamente un obxecto dende **varios puntos de vista**: elimina o único punto de vista e a referencia a un espazo fixo e inmutable.
- Inclúe a **cuarta dimensión (temporal)**: aspectos correspondentes a momentos distintos.
- As **cores son arbitrarias** pero **apagadas e neutras**: tons pardos.
- **Temas recurrentes**: paisaxe, retratos, bodegóns, músicos e instrumentos.
- Incorpora **novos materiais**: técnica do **collage** con materiais pobres e reutilizados (cubismo sintético).
- Influencia directa de **Cezánne** e a **arte primitiva ibérica e africana**.

Destacan Picasso e Braque como pioneiros, ademáis de Juan Gris, Fernand Léger, María Blanchard, Suzanne Duchamp...

- **Protocubismo**: 1907-1910
- **Cubismo analítico**: 1910-1912
- **Cubismo sintético**: 1912-1914

María Blanchard (1881–1932)



María Gutiérrez Blanchard naceu en Santander en 1881. Como consecuencia dunha caída de súa nai cando estaba embarazada veu ao mundo cunha malformación na columna, provocandolle unha xoroba que marcou a súa personalidade e a súa arte. Dende nena rexeitou o seu corpo, pechándose en si mesma e abríndose á pintura. Mudouse a Madrid para estudar Belas Artes e conseguiu unha bolsa para estudar en París, así descubriu o cubismo e comezou a formar parte da vangarda obtendo o recoñecemento de Picasso e Juan Gris. Atopou neste movemento o xeito de plasmar a beleza que non atopaba no seu corpo. Morreu de tuberculose con 55 anos.



Monograma (1916)



Neno xogando con aro (1917)



Natureza morta (1918)



As dúas irmás (1921)

DADAÍSMO (Suíza, 1916)

- Xorde durante **I Guerra Mundial** entre artistas e intelectuais refuxiados en Suíza.
- Deciden manifestarse como **protesta** fronte a violencia e a traxedia da guerra, os nacionalismos e os valores burgueses.
- Promoven o **absurdo, irracional, espontáneo e anti-artístico**: un cambio non só na aparencia da obra de arte senón tamén na súa concepción.
- O **nome** do movemento escolleuse ao **azar**, algo que será fundamental: Tzara abriu un diccionario pola letra D e inventou a palabra Dadá.
- Promoven a reflexión sobre "que é a arte?" facendo partícipe da mesma ao espectador/a.
- Neste sentido **influirán na arte conceptual, as performances, os happenings...**
- Crean os **ready-mades** (xa feito): escollen obxectos do día a día, descontextualízanos, poden intervalos, e expóñenos convertidos en obra de arte.
- É un movemento moi **interdisciplinar**: poesía, pintura, collage, fotomontaxe, fotografía...

Alguns nomes importantes: Marcel Duchamp, Tristan Tzara, Hugo Ball, Jean Arp, Hannah Höch, Elsa von Freytag-Loringhoven...


Elsa von Freytag-Loringhoven (1874–1927)

Tamén coñecida como a "Baronesa Dadá", foi unha artista alemana aficanda en Estados Unidos cadrando con artistas como Man Ray para o que posou como modelo. Elsa foi unha muller independente que levou o estilo Dadaísta ao seu modo de vida, experimentando libremente a súa sexualidade, vestido dun xeito rompedor e sendo pioneira na creación dos *ready-mades*, as *performances* e os poemas sonoros. Crese que detrás da firma R. Mutt do urinal convertido na "Fonte" de Duchamp está ela; algo que se comezou a pensar tras descubrir unha carta do artista a súa irmá na que lle confesa que a obra é dunha amiga, ademais esa tipoloxía non se vendía en Nova York, cidade na que dixo que o mercara , e si en Filadelfia, onde viviu a artista.





A fonte (1917)



Deus (1917)



Adorno duradeiro (1913)

SURREALISMO (Francia, 1924)

- Movemento que xorde despois da I Guerra Mundial; dátase o seu inicio no ano 1924 coa publicación do **Primeiro Manifesto Surrealista** do seu fundador teórico, o poeta **André Breton**.
 - Asume a herdanza do Dadaísmo pero non mantén a anarquía e a desorientación.
 - Busca **liberar** o pensamento, a linguaxe e a arte **das restriccións da lóxica e a razón**.
 - Para iso explora **no subconsciente, nos sonhos, no irracional, no fantástico, nos desexos reprimidos...**
 - Estivo moi influenciado polas teorías da **psicoanálise de Freud**.
 - **Fenómeno cultural moi amplo:** literatura, pintura, cine (*Un perro Andaluz* de Dalí e Buñuel)...
 - **Técnicas:** automatismo, cadáver exquisito, collage, exploración dos sonhos...
- **Automatismo psíquico:** non busca representar imaxes recoñecibles, xorde do automatismo (acto de crear sen control consciente), as obras tenden máis cara a abstracción ou o simbolismo (manchas, figuras deformadas), é máis espontáneo, emocional e expresivo. Autores destacados: Joan Miró, André Masson, Max Ernst...
 - **Surrealismo onírico ou figurativo:** representa escenas que parecen reais pero con elementos extraños, absurdos, ou imposibles, as figuras son claras, recoñecibles e con moito detalle nalgúns casos, pero organizadas de xeito ilóxico, como se fose un sonho. Artistas destacados/as: Dalí (creador do método paranoico-crítico), Magritte, Frida Kahlo, Maruja Mallo, Remedios Varo, Leonora Carrington...

Leonora Carrington (1917-2011)



Pintora e escritora inglesa nacida en familia acomodada. O seu comportamento rebelde levouna á expulsión de diferentes internados relixiosos nos que estudou. Aos 19 anos fúgase a París co pintor Marx Ernst provocando o rexeitamento da súa familia. Cando en 1940 el é capturado e enviado a un campo de concentración, ela volve a España e acusada polo seu pai, foi internada nun psiquiátrico onde a diagnosticaron como "irremediabilmente tola" e foi torturada con duras dosis dun estimulante convulsivo que provocaba nos pacientes unha sensación de morte inminente. Logrou escapar a México e alí recuperouse e foi considerada unha das grandes figuras do Surrealismo.



Autorretrato (1938)




Baño do paxaro (1974)



Autorretrato (1937-1938)



Os amantes (1987)



Retrato de Max Ernst (1939)